


RISCOS DERIVADOS DO USO

- Contactos coas fresas.
- Golpes e/ou contusións polo retroceso imprevisto e violento da fresa.
- Proxección de ferramentas de corte e accesorios en movemento.
- Proxección de partículas.
- Ruído.



EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL



NORMAS DE SEGURIDADE

- ✗ Manteña a orde e a limpeza ao redor da máquina, sen obstáculos ou irregularidades no chan.
- ✗ Use ferramentas de corte correctamente afiadas e elixa útiles axeitados ás características da madeira e a operación. Non superar a velocidade máxima recomendada polo fabricante.
- ✗ Efectúe a fixación á árbore con coidado e precisión. Antes da posta en marcha da máquina comprobe que as ferramentas estean perfectamente equilibradas. Utilice fresas en preferencia aos “ferros rectos”.
- ✗ Evite no posible pasadas de gran profundidade. Son recomendables as pasadas sucesivas e progresivas de corte.
- ✗ En “traballos con guía” comprobe que ambas semi regras están situadas no mesmo plano vertical.
- ✗ Manteña a debida atención e precaución durante o uso da máquina mirando sempre cara á zona de operación.
- ✗ En caso de que o traballo que hai que realizar necesite de gran cantidade de luz localizada ou exista unha deficiente iluminación xeral colocarse un foco orientable.
- ✗ Poña roupa de traballo conveniente. Non leve roupa frouxa ou solta ou xoias que poderían ser asidas polas pezas en movemento ou os dentes de serra.
- ✗ Dispor dun sistema de aspiración localizada para a máquina.
- ✗ Antes de mecanizar unha peza asegurarse de que non ten cravos, nós nin ningún defecto que poida facer perigoso o traballo.
- ✗ Coide de que a súa posición sexa segura e de que conserve o equilibrio en todo momento.
- ✗ Realice as operacións a “útil non visto” ou co “útil por encima da peza”.
- ✗ Realice a alimentación da peza en sentido contrario á do xiro do útil.
- ✗ Para traballos con guía é recomendable arrimar ás semi regras-guía unha contraplaca de madeira dura que diminúa o espazo perigoso entre ambas partes da guía e protexerese a parte posterior ou zona non activa do útil cunha carcasa. Ver fotografía adxunta.
- ✗ Para operacións “corridas” utilízase, cando sexa posible, un carro de alimentación automática, un carro de alimentación manual ou protectores-presores.
- ✗ Para mecanización de pezas pequenas utilice un empurrador axeitado.



- ✖ Para traballos “á árbore” recoméndase a utilización dun anel de apoio da peza que se poida considerar como unha guía curva. Ver fotografía adxunta.
- ✖ Para “operacións cegas” utilice topes de inicio e final de ataque nos que se encaixen a parte anterior e posterior da peza que hai que mecanizar.
- ✖ Non retire nunca os recortes coa man, fágao sempre cun gancho ou similar.
- ✖ Faga todas as operacións de limpeza e mantemento coa máquina desconectada.
- ✖ Evite toda posta en marcha accidental ou intempestiva da máquina. Asegúrese de que o interruptor está desconectado ao efectuar a conexión da ferramenta á rede eléctrica.
- ✖ Dispoña do manual de instrucións da máquina.

